

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS MUNICIPAIS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DO CONCELLO DAS NEVES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS. AS NEVES 2025

A presente convocatoria para a concesión de subvencións en réxime de concorrancia competitiva, formalízase de acordo co establecido na Ordenanza reguladora do réximen xurídico das subvencións outorgadas polo Concello das Neves aprobada en sesión plenaria de data 13 de febreiro de 2018 e publicada no BOPPO número 76 do 16 de abril de 2018, e ao amparo da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Primeira. Obxecto

O obxecto das presentes bases e regular a convocatoria pública por parte do Concello das Neves para a tramitación e concesión de subvencións, mediante o procedemento común en réximen de concorrancia competitiva, destinadas a apoiar ás entidades deportivas sen fins de lucro e os deportistas individuais, dirixidas a proxectos tendentes ao fomento da práctica deportiva e a participación en ligas e competicións oficiais que se realicen ou fosen realizadas durante o período comprendido dende o 1 de novembro de 2024 ata o 31 de outubro de 2025 (ambos inclusive).

Segunda.- Gastos Subvencionables

Considéranse gastos subvencionables os seguintes:

- Gastos federativos correspondentes á tempada (licencias federativas, canons federativos, inscrición en competicións).
- Gastos de arbitaxes.
- Gastos de transporte, aloxamento e manutención relacionados coa asistencia a competicións deportivas.
- Gastos de mutualidades e seguros.
- Gastos de material deportivo funxible e non inventariable (material didáctico deportivo ou pequeno material).
- Gastos de equipamento e vestimenta deportiva necesarios para a posta en práctica e desenvolvemento da actividade deportiva correspondente.
- Gastos de adestramentos.

Serán subvencionables os gastos correspondentes ao período comprendido dende o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025 (ambos inclusive).

Especificamente quedan excluídos os gastos derivados de:

- Adquisición, reparación ou mantemento de bens de inmovilizado.





- Consumo eléctrico, consumo telefónico e similares.
- Os saldos debedores das contas bancarias.
- Gastos derivados de comidas e similares.
- Os impostos, recargas e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.
- Gastos que non estean directamente vinculados á actividade obxecto de subvención, ou que dificilmente poidan relacionarse coa mesma.

Neste sentido terase especialmente en conta os conceptos especificados nas facturas que se entregarán como xustificantes dos gastos.

Terceira.- Financiamento da convocatoria

O crédito asignado á presente convocatoria con cargo a aplicación orzamentaria 341.48 do Orzamento do Concello das Neves para o exercicio 2025, ascende a cantidade de 2.000,00€

A axuda máxima por asociación beneficiaria será de 1.500 €, que en ningún caso poderá exceder do 80 % do orzamento total do proxecto presentado.

Cuarto.- Beneficiarios.

No caso de entidades deportivas, poderán ser beneficiarias da subvención os clubs e entidades federadas das Neves que participen regularmente en competicións oficiais organizadas polas respectivas federacións deportivas.

No caso de deportistas individuais, poderán ser beneficiarios da subvención os deportistas do Concello das Neves recoñecidos a nivel galego, estatal ou internacional.

Non poderán ser beneficiarios da presente subvención:

- Asociacións que reciban subvencións nominativas do Concello (que teñan formalizado Convenio).
- Asociacións que concorran a outras subvencións do Concello por actividades enmarcadas en algunha das áreas de actuación da presente convocatoria, durante o período subvencionado.

Os solicitantes deberán declarar todas as subvencións que teñan obtido ou solicitado para o 2024 e 2025.

A subvención concedida destinarase en exclusiva a cubrir os gastos directamente relacionados co fomento da actividade deportiva e a participación en ligas e competicións oficiais tal e como se define na Base primeira e que se realicen ou fosen realizadas durante o período comprendido entre o 1 de novembro de 2024 ata o 31 de outubro de 2025 (ambos inclusive).





Quinta. Requisitos dos solicitantes e beneficiarios

A) No caso de entidades deportivas, poderán solicitar subvención á presente convocatoria as entidades e clubs deportivos federados que teñan o seu enderezo social no Concello As Neves, estean inscritos no rexistro de entidades sen ánimo de lucro propio do Concello das Neves con anterioridade á publicación das bases no BOPPO, teñan personalidade xurídica propia e finalidade non lucrativa e cumpran os seguintes requisitos:

- 1.- Carecer de fins de lucro.
- 2.- Ter domicilio social no término municipal das Neves e figurar inscritas como tal no Rexistro Municipal de Asociacións.
- 3.- Non incurrir en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas nin nalgunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na LXS.
- 5.- Estar al corrente con los deberes tributarios de la Agencia Estatal Tributaria, Facenda Galega, co a Seguridade Social e co Concello das Neves.
- 6.- Que a entidade teña debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias ou teña solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada.

Só se poderá conceder unha subvención por cada entidade. Para estes efectos, consideraranse unha soa entidade todas aquelas nas que as socias e socios ou membros da Xunta Directiva sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50 %, e vinculadas, nos termos establecidos na LXS e nas súas normas de funcionamento e as que puidesen encaixar no concepto de grupo, nos termos dispostos no Código de comercio.

Quedan excluídos desta convocatoria os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais e os clubs que por calquera causa non xustificada se retiraran da competición oficial durante o 2025.

Os solicitantes, para obter a condición de beneficiarios deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da ley 9/2007 de 13 de junio, de subvenciones de Galicia.

B) No caso de deportistas individuais os/as solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 1.-Estar ao corrente con AEAT, Xunta de Galicia, Seguridade Social e Concello das Neves.
- 2.-Ter nacionalidade española.
- 3.-Estar empadroado no Concello das Neves na data de aprobación destas bases e con anterioridade polo menos de 1 ano.
- 4.-Ter participado en campionatos a nivel galego, nacional ou internacional no ano en curso.
- 5.-Ter participado e acadado un posto de relevancia en calquera competición de carácter oficial con recoñecido prestixio a nivel galego, estatal e internacional.
- 6.-Estar en posesión da correspondente licenza federativa, na data de solicitude da presente convocatoria.





Sexta. Compatibilidade. Contía e límites

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin, toda vez que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100% do orzamento que presente a asociación o entidade.

A axuda máxima por beneficiario será de 1.500 € e en ningún caso poderá exceder do 80 % do orzamento total do proxecto presentado sobre os gastos subvencionables.

Sétima. Solicitude e documentación a achegar

As solicitudes formalizaranse por medios electrónicos, segundo o previsto no artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nos modelos normalizados que estarán a súa disposición na páxina web do Concello das Neves e deberán presentarse a través da Sede Electrónica do Concello, <https://concelloasneves.sedelectronica.gal>.

Para a solicitude, achegárase a seguinte documentación:

- ANEXO I: Impreso oficial de solicitude, que irá acompañado da documentación que nel se indica.
- ANEXO II (só para entidades deportivas): Certificación do acordo de solicitude, nomeamento de representante para as relacións co Concello e número de socios.
- Memoria que describa a actividade ou actividades para as que se solicita a subvención, debendo incluír a máxima información posible para poder avaliar a solicitude pola Comisión de avaliación de acordo cos criterios de avaliación recollidos na base décimo primeira, con especificación do lugar, da data prevista de realización, obxetivos e número de beneficiarios, asinada electrónicamente polo Presidente/a. Asimesmo indicarse en todas as actividades desenvolvidas pola entidade solicitante publicidade do Concello como colaborador das mesmas.

Oitava. Lugar e prazo de presentación

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP), sin perxuízo da súa inserción na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO)

A presentación da solicitude implicará que se autoriza ao Concello para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

As solicitudes presentadas fóra do prazo anteriormente establecido non serán admitidas nesta





convocatoria.

As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación que se señala na Base sétima, electrónicamente na sede electrónica do Concello das Neves, <https://concelloasneves.sedelectronica.gal>

Novena. Procedemento de concesión.

A concesión das subvencións realizaranse polo sistema de concurrencia competitiva, que se iniciará de oficio tras a aprobación da presente convocatoria e bases pola Xunta de Goberno Local do Concello das Neves.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento serán realizados electrónicamente, a través da sede electrónica do Concello das Neves.

A instrucción do procedemento de concesión de subvencións corresponderá ó Concelleiro/a Delegado/a de Deportes do Concello das Neves. e un/unha empregado/a municipal, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se formule a proposta de concesión.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle ao interesado, de conformidade co establecido no artigo 68 da LPACAP, para que nun prazo de 10 días hábiles enmende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixera, considerárase por desistida a solicitude.

Comprobado polo órgano instructor que as solicitudes cumpren os requisitos esixidos nas presentes bases tanto para obter a condición de beneficiario/a como polo cumprimento da achega da documentación requirida para participar no proceso de concesión, se dará traslado dos expedientes de solicitude a Comisión de avaliación para que efectúe a correspondente avaliación.

A Comisión de avaliación estará integrada polo Alcalde ou Concelleiro/a en quen delegue, Concelleiro/a da área e un/unha empleado/a municipal, que actuará como secretario/a.

Avaliadas as solicitudes, segundo os criterios regulados nas presentes bases (Base décima primeira), se formulará informe-proposta na que se concrete o resultado da avaliación.

Corresponde a Xunta de Goberno Local, á vista do informe-proposta da Comisión de Avaliación, resolver sobre a concesión/denegación das solicitudes de subvención.

A resolución será motivada e contendrá:

.- relación de solicitudes concedidas (orçamento, axuda solicitada e importe proposto da axuda a conceder)



.- relación de solicitudes desestimadas facendo constar os motivos da mesma.

En todo caso se procederá a ditar resolución de outorgamento da subvención no prazo máximo de dous meses a contar dende o remate do prazo establecido para presentar as solicitudes.

La resolución que se adopte pone fin a la vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso potestativo de reposición o directamente recurso ante lo xulgado do contencioso administrativo.

As notificacións de resolucións se practicarán por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común .

As notificacións se entenderán practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rechazada transcurridos dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sin que se acceda o seu contido.

Décima. Aceptación da subvención e compromisos.

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo de 10 días seguintes á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinalos fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someteranse ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención polo órgano instructor e facilitará canta información lle sexa requirida.

Décima Primeira. Criterios de avaliación

As solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases valoraranse pola Comisión de avaliación.

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a Comisión de Avaliación valorará cun máximo de 70 puntos, tendo en conta os seguintes criterios de avaliación:

1.- Representatividade dos solicitantes no Concello, atendendo o número de actividades desenvolvidas ou proxectadas de xeito conxunto con outras entidades. (Ata 15 puntos)

- a) Unha actividade (5 puntos)
- b) De 2 a 3 actividades (10 puntos)
- c) Mais de 3 actividades (15 puntos)

2.- Grado de interese xeral ou sectorial da actividade que se propoña realizar e a súa coordinación e complementariedade cos programas municipais. (Ata 10 puntos)





- a) Coordinación e complementariedade cun programa municipal (3 puntos)
- b) Coordinación e complementariedade con 2 o 3 programas municipais (5 puntos)
- c) Coordinación e complementariedade con máis de 3 programas municipais (10 puntos)

3.- Número de posibles beneficiarios/usuarios directos (participantes nas actividades deportivas organizadas pola entidade solicitante). (Ata 10 puntos)

- a) Ata 50 participantes (5 puntos)
- b) De 51 a 100 participantes (8 puntos)
- c) Mais de 100 (10 puntos)

4.- Número de actividades ou eventos deportivos organizados pola entidade solicitante ao longo do período subvencionable. (Ata 15 puntos)

- a) Ata 2 (5 puntos)
- b) De 3 a 5 (10 puntos)
- c) Mais de 5 (15 puntos)

5.- Periodicidade da impartición de cursos relacionados coas actividades deportivas desenvolvidas pola entidade solicitante. (Ata 10 puntos)

- a) Ata 3 meses (3 puntos)
- b) De 4 a 6 meses (5 puntos)
- c) De 7 a 9 meses (8 puntos)
- c) Mais de 9 meses (10 puntos)

6, Uso e fomento da lingua galega no ámbito de actuación da entidade. (Ata 10 puntos)

Décimo segunda. Obrigas dos beneficiarios

Ademais das obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os beneficiarios deberán aceptar as seguintes obrigas:

- .- Realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, así como presentar en forma e prazo a xustificación, conservando os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- .- Responder da veracidade dos datos da solicitude e cumprir todas as normas establecidas nesta convocatoria.
- .- Empregar o distintivo do Concello As Neves en tódalas actividades e comunicacións que se promovan (publicacións, carteis, rótulos, etc.). Os clubs deportivos, no suposto de destinar as axudas no vestuario deportivo, quedan obrigados a insertar no mesmo o distintivo do Concello das Neves.
- .- O compromiso da utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión de calquera actividade ou evento, así como, a recomendación do emprego do idioma galego.
- .- Colaborar na organización de calquera actividade deportiva ou cultural que lle sexa



requirida pola Concellería de Deportes.

.- No caso de facer uso de instalacións municipais, correcto mantemento das mesmas, así como deixalas no mesmo estado que se recibiron.

.- Os gastos que figuren na conta xustificativa serán pagados polos beneficiarios con anterioridade a presentación da xustificación da subvención.

.- Acreditación de realizar o pago do/s gasto/os xustificado/os mediante transferencia bancaria De acordo con o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, así como no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, considérase gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Décimo terceira. Forma e prazo de Xustificación e abono das subvencións

As subvencións concedidas serán pagadas unha vez sexa xustificado o gasto realizado, obxecto da subvención, cos documentos xustificativos que se regulen nas bases da presente convocatoria.

O prazo de presentación da xustificación dos gastos subvencionables finalizará o 15 de novembro de 2025 (sen perxuiro de que os gastos sexan realizados durante o período comprendido entre o 1 de novembro de 2024 e o 31 de outubro de 2025, ambos incluídos).

O importe a xustificar será superior ao 125 % do importe da subvención concedida.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria na conta que figura no certificado bancario aportado, previa presentación dos ANEXOS III e IV, xunto coa documentación que neles se require.

O importe da subvención concedida aboarase, previa presentación, a través dos modelos normalizados, que estarán a súa disposición na páxina web do Concello das Neves, a seguinte documentación, asinada dixitalmente:

- a) Conta xustificativa dos gastos na que se determinará o gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas: nº factura, data de emisión, proveedor, CIF, concepto, importe e data de pago. . (ANEXO III)
- b) Declaración responsable para a xustificación da subvención. (ANEXO IV)
- c) Facturas e formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pagamento (transferencias bancarias). As facturas deberán de cumprir coa normativa de facturación establecida no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
- d) Documento probatorio da difusión da colaboración do Concello na actividade subvencionada.
- e) Os certificados de atoparse ao corrente das obrigas tributarias e seguridade social que deberán estar vixentes no momento da xustificación.
- f) Memoria explicativa detallada das actividades realizadas, obxecto da subvención asinada





electrónicamente polo Presidente ou representante da entidade beneficiaria da subvencións.

g) Memoria económica indicando os gastos realizados e os ingresos obtidos, xunto con os documentos xustificativos dos gastos realizados.

h) Certificación bancaria da conta da entidade beneficiaria onde se efectuará o abono da subvención.

Décimo cuarta. Devolución e Reintegro de subvencións

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Ao obtelas falseando as condicións requiridas.
- Ao non aplicalas para os fins para os que foron concedidas.
- Ao incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 37 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

O reintegro das cantidades efectuarase de acordo co procedemento previsto no Regulamento Xeral de Recaudación.

Décimo quinta. Réxime xurídico aplicable

As Bases da convocatoria e cantos actos administrativos que se deriven delas e das actuacións da Comisión de avaliación poderán ser impugnadas nos casos e na forma prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, así como pola Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

O Alcalde, Jose Manuel Alfonso González

(data e sinatura dixital á marxe)

